

Ruta da Fervenza do Belelle

Á hora acordada chegou ata o muíño da Ribeira o bus que saíra desde Burela. Non viñan moi contentas/os porque houbera un problema co autobús e saíran con tanto retraso que non tiveran tempo a tomar o tradicional e estimulante café de antes de comezas as camiñadas, verdadeiro motor de arranque das incontables paroladas que se van dar ao longo da mesmas.

Aínda así tiveron moita paciencia con nós mentres lles intentabamos describir o mellor que podíamos o que ían ver durante a ruta. Cousa realmente imposible porque moitos treitos da mesma, ao igual que outras moitas das fragas ben conservadas de Galiza, son realmente indescribibles. A ver se somos quen de saber conservalas.

O día está bo para camiñar e comezamos por un carreiro á beira do río ata chegar á pequena presa onde se encora a auga que logo se desvía para a central eléctrica. A partir de aí transitamos polo muro da canle que vai cheíño de auga, pasando unha sucesión de pasarelas, túneles e escaleiras que nos permiten atravesar un dos bosques atlánticos máis bonitos.

Antes de chegar á cámara de carga, tomamos un desvío á dereita e comezamos unha baixada na que en 800 m e despois dunhas 40 voltas chegamos ao río outra vez. Durante o descenso imos inmersos nunha mesta fraga autóctona e o estrondo da fervenza é omnipresente. Podemos parar a observa-la desde dous miradoiros naturais e un merendeiro rústico no que facemos a primeira parada para facer unha foto de grupo e aproveitamos para picar algo e repoñer forzas.

Ao chegar abaixo, tomamos o desvío da dereita e, despois de 200 m, aí está a Fervenza do Belelle, sen dúbida un dos lugares naturais máis espectaculares de Galiza. O estrondo da auga ao caer, as gotiñas de auga en suspensión que nos empapan e a marabillosa fraga que nos rodea, crean unha atmosfera única na que non dubidamos en mergullarnos. As caras das/os participantes ao observar este monumento natural deixan ben claro que a camiñada pagou moito a pena.

Despois de gozar do lugar e facer as fotos de rigor, camiñamos río abaixo ata a central hidroeléctrica movida pola auga que vén pola canle. Leva 120 anos funcionando e é un bo exemplo de aproveitamento do noso patrimonio industrial. Pero non podemos deixar de preguntarnos como sería a fervenza se non lle desviasen esa importante cantidade de auga.

E antes de dirixirnos ata onde nos agarda o bus, propoñémoslles subir ao miradoiro de Viladonelle. Cando lles explicamos que é unha subidiña de 350 m e tira do peito pero que as vistas da fervenza desde alí merecen a pena... díganos que unha parte renunciou ás vistas. Das/os que decidiron subir, tamén houbo persoas que durante o ascenso manifestaron as súas dúbidas, pero unha vez arriba, a expresión dos seus rostros deixaba claro que non se arrepentían.

E despois dun cómodo paseo ata o Pazo de Isabel II, recolleunos o bus para levarnos a xantar, onde aproveitamos para repoñer forzas e, sobre todo, charlar animadamente compartindo anécdotas e experiencias nun ambiente moi agradable e cheo de bo humor.